

A ampliación vista desde os Estados Unidos

Description

Os Estados Unidos asisten moi compracidos Ã¡ ampliación da Unión Europea, un paso que consideran inseparable e complementario Ã¡s recentes incorporacións Ã¡ OTAN. A ampliación afortala a alianza duradeira entre os Estados Unidos e Europa e tamén o compromiso común cos valores e intereses que a fundamentan, tanto dentro das fronteiras europeas coma máis alÃ¡. Esta opinión oficial é compartida polos analistas independentes, coma o profesor James Goldgeiger, especialista da George Washington University: É moi importante que a ampliación de Europa cara a Leste non sexa sÃ³ da OTAN, senÃ³ da UE, porque estes países deben ser política e economicamente parte de Europa.

Esta ancoraxe definitiva no que convencionalmente definido coma Occidente compensarÃ¡a con creces calquera desvantaxe concreta en termos comerciais vÃ³xase a guerra do banana ou do aceiro e mesmo o propio euro, xa que a concorrencia sempre é boa. Agora ben, existe un importante elemento adicional: a actitude pronorteamericana dos novos socios comunitarios satisface enormemente Ã¡s líderes políticos estadounidenses. Danielle Pletka, vicepresidente do American Enterprise Institute centro de estudos próximo Ã¡ actual Administración cre pertinente falar sen ambages da nova Europa a vella Europa, É tempo que subliãa que é moi bo poder diluí-la influencia francesa, que era máis forte nunha UE de 15 do que o será con 25 países. Pletka, coma Rumsfeld, dáo aÃnda máis claro: Francia non foi tradicionalmente un bo amigo noso nos últimos cincuenta anos.

A guerra das ideas foi, durante cincuenta anos, o máis importante, é semella que o sigue a ser. A actual guerra contra o terrorismo é contemplada coma unha situación anÃ³loga Ã¡ da guerra fría, pero os estadounidenses son moi conscientes que os novos socios teñen tamén unha actitude cara a EEUU e a capitalismo que supón unha nova división en Europa, máis ou menos unida en fronteiras, pero non en canto a camiño a seguir. Daquela, para os EEUU, a preocupación principal será observar se unha UE máis integrada e unificada se guÃªa polos intereses compartidos dos seus estados membros ou se existe un goberno e unha burocracia supranacionais que falen no nome de Europa. Si se da o segundo caso, Europa pode converterse nun socio máis inflexible, menos desexoso de traballar cos Estados Unidos, e nun competidor económico ergo político realmente desafiante. Novamente, isto poderÃ¡ pasar se a postura francesa con respecto Ã¡s relacións transatlánticas se revela coma a opinión dominante no hipotético goberno federal de Europa. Pero este non é o estado actual da integración europea. Respecto a 30 de abril, a UE do 1º de maio é, soamente, máis grande.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Estados Unidos ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Maio 4, 2004

Meta Fields

Autoria : 3954

Datapublicacion : 2004-05-04 00:00:00